

Concello da Capela

Expediente núm.: 237/2022

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Planificación e ordenación do persoal

Data de iniciación: 08/03/2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

En data 28 de decembro de 2021, aprobouse a Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Por Resolución da Alcaldía número 2022-0192, do 11 de maio, aprobouse a convocatoria da Oferta de Emprego Público para o ano 2022 do Concello da Capela, para a estabilización do emprego temporal.

En data 12 de maio de 2022 practicouse a notificación da OEP á persoa que ocupaba a praza obxecto da convocatoria.

Publicáronse anuncios da convocatoria da OEP 2022 no BOP, en data 13 de maio de 2022 e no DOG en data 18 de maio de 2022.

En data 18 de agosto de 2022, mediante providencia da Alcaldía, ordenouse a redacción dun borrador das bases da convocatoria aos efectos da negociación cos sindicatos máis representativos.

En data 22 de agosto de 2022, convocouse aos sindicatos máis representativos, CCOO, UGT, CIG e CSIF, á Mesa de Negociación.

En data 29 de agosto de 2022 emitíronse, pola Secretaría-Intervención, informe de fiscalización e Informe-Proposta de aprobación das bases da convocatoria.

Por Resolución da Alcaldía número 2022-0492, do 29 de agosto, aprobaronse as bases da convocatoria e ordenouse a súa publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.



Concello da Capela

En data 27 de outubro de 2022, publicáronse as bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia número 204.

Publicouse, no Diario Oficial de Galicia número 233, do 9 de decembro de 2022, e no Boletín Oficial do Estado número 302, do 17 de decembro de 2022, a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

En data 19 de xaneiro de 2023, emitiuse a certificación das solicitudes presentadas para o proceso selectivo.

En data 20 de xaneiro de 2023 aprobouse, por Resolución da Alcaldía n.º 2023-0027, a listaxe provisional de aspirantes admitos e excluídos, publicada no BOP n.º 16 de data 24 de xaneiro de 2023.

Por Resolución da Alcaldía n.º 2023-0038, do 2 de febreiro, aprobouse a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, publicada no BOP n.º 26 do 7 de febreiro de 2023.

En data 9 de febreiro de 2023, convocouse aos membros do Tribunal cualificador para a súa constitución.

En data 17 de febreiro de 2023 constituíse o Tribunal cualificador e emitiu a correspondente acta da sesión, acordando requirir documentación a algunhas das persoas aspirantes no proceso selectivo.

O Tribunal cualificador reuniuse en data 24 de marzo de 2023 para a avaliación dos méritos das persoas aspirantes, emitindo a correspondente acta coas puntuacións obtidas por elas e coa proposta de contratación da aspirante que acadou a maior puntuación, que se publicou na web municipal.

En data 3 de abril de 2023, emitiuse a certificación de non terse presentado alegacións ás valoracións efectuadas polo Tribunal cualificador.

Por Resolución da Alcaldía n.º 2023-0130, do 4 de abril, determinouse definitivamente a persoa aspirante aprobada no proceso selectivo, notificándollo a esta e requiríndolle a presentación da documentación xustificativa de cumprimento dos requisitos da convocatoria.



Concello da Capela

Pola Secretaría-Intervención emitíuse informe de fiscalización da fase «AD» favorable, en data 4 de abril de 2023.

En data 10 de abril de 2023, a aspirante aprobada presentou, en tempo e forma, a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria.

En data 11 de abril de 2023, a Secretaría-Intervención emitiu informe-proposta de autorización da contratación como persoal laboral fixo, a tempo parcial, da persoa aspirante aprobada, Dna. M.^a Celia Couce Moreira.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o artigo 136 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Autorizar a contratación como persoal laboral fixo, a tempo parcial, a favor de:

Identidade do Aspirante	DNI
M. ^a Celia Couce Moreira	***4533**

SEGUNDO. Dispor a cantidade de **9.325,19** euros á que ascende a retribución anual da praza da nomeada.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución ao aspirante que obtivo a praza, comunicándolle que a sinatura do contrato que terá lugar o vindeiro **día 17 de abril de 2023.**

CUARTO. Notificar a presente resolución ás persoas aspirantes no proceso selectivo.



Concello da Capela

QUINTO. Aprobar, de acordo co disposto na Base 10 da convocatoria e aos efectos do establecido no artigo 61.8 do EBEP, a relación complementaria de aspirantes por orde descendente de puntuación.

PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO A TEMPO PARCIAL DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO-SECRETARÍA DO XULGADO DE PAZ DA CAPELA						
DNI	APELIDOS E NOME	CELGA 2	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA PROFESIONAL	PUNTUACIÓN CURSOS	PUNTUACIÓN TITULACIÓN SUPERIOR Á ESIXIDA	PUNTUACIÓN TOTAL
***6850**	Vázquez Pais, Ana María	Si	0,90	5,00	5,00	10,90
***0814**	Alonso Rodríguez, Mónica de Jesús	Si	0,00	5,00	5,00	10,00
***8290**	Anidos Durán, Ivanca	Si	0,00	5,00	5,00	10,00
***7808**	Calvo Torquemada, Eva María	Si	0,00	5,00	5,00	10,00
***7090**	Filgueira Herva, María Begoña	Si	0,00	5,00	5,00	10,00
***9523**	Formoso García, María Concepción	Si	0,00	5,00	5,00	10,00
***0082**	García Pazo, Mercedes	Si	0,00	5,00	5,00	10,00
***1029**	Pérez Martínez, María Guadalupe	Si	0,00	5,00	5,00	10,00
***4546**	Rioja Míguez, David	Si	0,00	5,00	5,00	10,00
***9115**	Viñas Mayo, Rubén	Si	0,00	0,00	5,00	5,00

SEXTO. Comunicar ao Rexistro de Persoal, aos efectos oportunos.

SÉTIMO. Proporcionar a información estatística correspondente aos resultados do proceso de estabilización de emprego temporal a través do Sistema de Información Salarial do Persoal da Administración.

OITAVO. Formalizado o contrato comunicarllo ao Servizo Público de Emprego de Galicia, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación.

NOVENO. Informar á representación legal dos empregados da contratación, aos efectos que procedan.

Na Capela, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D.



Concello da Capela

Manuel Meizoso López, do que eu D. José Antonio Meizoso Paz, como Secretario, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018, do 16 de marzo e do artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro).

